



DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente número: 466/2026

Con data do 3 de setembro de 2026 ditouse Decreto de Alcaldía polo que se aprobou a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a cobertura, en réxime de funcionario/a de carreira e polo sistema de concurso de valoración de méritos, dunha praza de auxiliar administrativo/a, escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, subgrupo C2, resolución que foi publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Pol.

Con posterioridade á devandita publicación, tívose coñecemento da existencia dunha solicitude de participación no proceso selectivo presentada por unha aspirante que non figuraba na relación provisional aprobada. A solicitude foi remitida en tempo e forma.

En consecuencia, procede rectificar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que faculta ás Administracións Públicas para rectificar en calquera momento os erros ou omisións padecidos nos seus actos, incorporando a esta aspirante e outorgándolle, respecto da súa admisión, o mesmo trámite de alegacións e emenda de que dispuxeron as demais.

Por todo o anterior, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Rectificar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos aprobada por Decreto de Alcaldía do 3 de setembro de 2026, incorporando á relación de aspirantes admitidos a seguinte persoa, cuxa solicitude foi presentada en prazo:

ASPIRANTES ADMITIDOS (incorporación)

	Apelidos e nome	D.N.I.	Aporta Celga
1	Blanco Rodríguez, Soraya	***0359**	Si

SEGUNDO. Manter inalterada, no demais, a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos aprobada polo Decreto que se rectifica, sen prexuízo da resolución que proceda sobre as emendas e reclamacións presentadas, que se adoptará na relación definitiva.

TERCEIRO. Outorgar á aspirante incorporada no apartado primeiro un prazo para reclamacións, alegacións ou subsanacións por termo de **10 días hábiles**, de conformidade co disposto nas bases reguladoras deste proceso selectivo, prazo que contará a partir do día seguinte ao de publicación no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Pol da presente resolución.

CUARTO. Publicar a presente resolución na sede electrónica deste Concello e no taboleiro de

DECRETO
Número: 2026-0438
Data: 09/09/2026

Cod. Validación: 3HRTLFCXF4KYJ2GJ6PWMEI3K9
Corrección: <https://concellopol.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





anuncios municipal.

En Pol, na data da sinatura electrónica.

Ordénao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, don Lino Rodríguez Ónega, do que eu, dona Marta León París, como Secretaria-Interventora, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0438 Data: 09/09/2026

Cod. Validación: 3HRTLFCXF4KYJ2GJ6PWMEI.3K9
Corrección: <https://concellopol.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

